

# ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

## CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30/09), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PROFESORADO**, segundo as seguintes normas:

1. Conforme o establecido no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **2 profesores/profesoras**, dun total de 7 que debe ter o Consello Escolar. Os outros representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2021.
2. O censo electoral do profesorado está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala de profesorado do Centro.
3. As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día da data ata as 14:00 horas do día 14 de novembro, segundo o modelo que se facilitará na secretaría do centro e presentáranse na devandita secretaría.
4. A mesa electoral estará formada polo director do centro, que actuará como presidente, e os membros do profesorado de maior e menor idade, actuando este último de secretario.
5. Cada profesor/a fará constar na papeleta das eleccións un máximo de 1 da lista de candidatos/as.
6. O voto será directo, secreto e non delegado.
7. Para dar cumprimento o artigo 35 do referido Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas ao procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así coma tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convocase Claustro de Profesores/as, a tales efectos, para o día **24 de novembro, ás 11:30 horas**.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Ribeira, 7 de novembro de 2022

DIRECTOR DO CENTRO E  
PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,  
I.E.S. N.º 1  
Asdo.: José Manuel Santiago Yáñez

